



Resolución provisional do 29 de setembro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve o premio de innovación educativa “Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D” para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De conformidade co establecido no artigo 10 da Resolución do 13 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o premio de innovación educativa “Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D” para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Conceder os premios aos proxectos dos centros docentes seguintes:

Categoría STEM junior:

- Premio “Desafío Robots” ao proxecto “Repartidor de aperitivos” do IES A Pinguela, Monforte de Lemos, Lugo.
- Premio “Desafío Programación” ao proxecto “Programación dun moble de cociña intelixente” do IES Isaac Díaz Pardo, Sada, A Coruña.
- Premio “Desafío Impresión 3D” ao proxecto “O noso taller 3D” do IES Universidade Laboral, Culleredo, A Coruña.

Categoría STEM senior:

- Premio “Desafío Robots” ao proxecto “Xa pasou o bus?” do IES Río Miño, Rábade, Lugo.
- Premio “Desafío Programación” ao proxecto “Interpretación virtual interactiva” do IES Brión, Brión, A Coruña.
- Premio “Desafío Impresión 3D” ao proxecto “Niradome: sistema de conectores para ensamblado de cúpulas xeodésicas” do IES Xulián Magariños, Negreira, A Coruña.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

O presidente da comisión de selección



Manuel Vila López

Subdirector xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado